


A CIENCIA

Seguro que tod@s estamos de acordo coa importancia que a ciencia ten na nosa vida.

Os avances científicos facilitan o noso día a día e mesmo salvan vidas.

Ao longo da historia, moitas foron as achegas que diferentes personaxes foron facendo á ciencia, como por exemplo...





Charles Darwin
(1809-1882)

É considerado o pai da Teoría da Evolución, unha das teorías científicas máis importantes na historia da humanidade.

Máis información en:

<http://www.kids.csic.es/cientificos/darwin.html>



Marie Curie
(1867-1934)

Pioneira no estudo da radioactividade.

Foi a primeira muller en recibir un Premio Nobel e, ata ó momento, a única persoa que recibiu este premio en dúas disciplinas diferentes (Física e Química).

Máis información en:

<http://www.kids.csic.es/cientificos/curie.html>

PROPOÑÉMOSVOS QUE HOXE OS
CIENTÍFICOS E CIENTÍFICAS SEXADES
VÓS!!!



Na seguinte páxina, presentamos unha proposta de actividade con cousas que pensamos que é posible que teñades na casa; senón é así, non vos preocupedes, podedes realizar calquera receita coa vosa familia, pois a cociña tamén é ciencia! Ou tamén podedes consultar este canal de youtube

<https://www.youtube.com/user/ExpCaserosKids>

e escoller algunha proposta en función do que teñades na casa, ou mesmo inventar vós unha experiencia!!! Pero sempre tendo autorización e supervisión da vosa familia.

Elaboramos un fluido "non newtoniano"

Como veredes se realizades esta actividade, este tipo de fluídos non se comportan como os fluídos cos que estamos acostumbrados a interaccionar no noso día a día.

Precisamos

- Maicena (almidón de millo).
- Auga.
- Colorantes (opcional).
- Recipiente (tupper, bol,...)



As cantidades dependerán da cantidade que queirades preparar, pero debemos empregar aproximadamente o dobre de maicena que de auga.

Por exemplo:
Un vaso de auga - dous vasos de maicena.

Elaboración

Poñemos o almidón no recipiente e imos engadindo a auga pouquiño a pouco e removendo, con coidado, pois se nos pasamos coa auga a mestura quedará moi líquida e non poderemos experimentar con ela.

Unha vez conseguida a consistencia, empezamos a experimentar: aínda que parece un líquido,

QUE SUCEDE CANDO O APRETAMOS?

Deixámosvos un vídeo para que vexades o proceso

<https://www.youtube.com/watch?v=ZPBCdp6oORw&t=228s>

- QUE PASOU CANDO APRETACHES A MESTURA?
- COMPÓRTASE IGUAL QUE A AUGA? POR QUE?
- GUSTOU CHE A EXPERIENCIA?

Se facedes esta ou outra experiencia científica e nola queredes contar ou ensinar, estaremos encantad@s de que a fagades chegar ó seguinte enderezo:

leticiateijido@edu.xunta.es

Tamén podedes escribir ó mesmo enderezo se tedes calquera dúbida ou se precisades axuda.

Animádevos a facela!

CEIP SOFÍA CASANOVA